



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MIÑO

##### *Aprobación definitiva do Inventario municipal de camiños do Concello de Miño*

O Pleno municipal do Concello de Miño, en sesión extraordinaria celebrada o día 22 de novembro de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar definitivamente o Inventario municipal de camiños do Concello de Miño, coas modificacións sobre o documento de aprobación inicial derivadas tanto das alegacións formuladas como das propostas de inclusión ou exclusión efectuadas de oficio pola Corporación, de conformidade coa proposta técnica efectuada pola empresa redactora do ICM como do informe emitido pola secretaria municipal.

**Segundo.-** Notificar a cada unha das persoas alegantes de maneira individualizada a proposta de resolución efectuada pola empresa redactora do ICM, xunto co informe xurídico de contestación a súa alegación.

**Terceiro.-** Publicar o acordo de aprobación definitiva no BOP da Coruña, para xeral coñecemento, no que se indique que contra o dito acordo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, dende a publicación deste ante o Pleno da Corporación, nos termos previstos nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo da interposición do recurso contencioso administrativo.

**Cuarto.-** Unha vez autorizado o Inventario municipal de camiños e tras o visto e prace do presidente da Corporación, remitir unha copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.”

En cumprimento do disposto na normativa vixente, pola presente publícase o acordo de aprobación definitiva no BOP para xeral coñecemento.

Miño, 12 de xaneiro de 2023.

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo